

## *ESTIMADAS FAMILIAS :*

*Xa sei que esta sería unha proposta para a primeira semana, pero como seguramente aos de **tres anos** nos costa un pouco máis adaptarnos a nova situación, podemos intentalo estos días que seguen. Ou máis ben engadir ao que xa seguramente levades feito coas suxerencias que hai na páxina do cole propostas para E.Infantil.*

## **RECOMENDACIÓNS:**

- ✓ Procurar manter uns horarios estruturados.
- ✓ Darlles responsabilidades adecuadas á idade, igual que facemos no cole.
- ✓ Darlles reforzo positivo.
- ✓ Crear unhas rutinas. Podedes tomar de base as que seguimos no cole adaptadas a esta situación. Aquí vos deixo unha proposta por se vos serve de axuda adaptándoa as vosas circunstancias:

1. **ASEMBLEA:** calendario (días da semana, meses, nº de mes, tempo, escribir/construír nomes, contar, debuxo da figura humana, avance das tarefas do día, do que comeremos, dos traballiños nos que axudarán...).
2. **TRABALLO DE MESA:** Traballamos en papel, manualidades ou con xogos de forma adaptada ó nivel e ás características individuais (trazo, números, escritura do nome, series, formas, cores...). Podedes seguir coa temática da prehistoria que estamos traballando no cole .

3. **HIXIENE E COMIDA MEDIA MAÑÁ:** Lavamos as mans ben e tomamos a comida de media mañá.
4. **COLABORAMOS!** Temos responsabilidades na tarefas da casa.
5. **LECER:** Pese ao descanso da merenda, levan xa moito tempo concentrados e precisan xogar libremente! Logo deixan todo ordenado.
6. **HIXIENE E HORA DE COMER!** Poden facer de pinches na cociña e axudar a por a mesa.
7. **TIC:** podedes aproveitar algún dos xogos online . Estarán entreidos un ratiño ó tempo que aprenden.
8. **HORA DO CONTO:** Podedes ler un conto. Logo podedes facer preguntas, xogos de roles, marionetas, ilustracións para o conto, etc.
9. **HIXIENE E MERENDA.**
10. **MOTRICIDADE GROSA.** Momento de movernos e desafogar.
11. **RELAXÁMONOS!** Podemos relaxarnos tras tanto movemento facendo ioga xuntos.
12. **LECER.**
13. **HIXIENE E A CEAR!**

# PROPOSTAS

## Motricidade fina e grossa:

Moita atención á correcta prensión do lapis, pinturas e demais utensilios.

- É fundamental desenvolver as súas habilidades coas mans, e para este fin recomendamos xogos con plastilina, construcións, abelorios, manexo das tesoiras, emprego de lapis, rotus, pinces, etc. Hai un milleiro de manualidades xeniais para desenvolver as súas habilidades motrices: reproducir obras de arte co que teñamos pola casa,
- Experimentamos con distintas texturas.
- Actividades prácticas como que axuden a preparar receitas
- Xogos de adiviñar qué é cos ollos pechados, etc.
- Xogos con globos
- Circuitos
- Ioga
- Bailamos!
- Facemos equilibrios sobre unha cinta que recorra a casa.
- Xogamos o baloncesto cunha cesta.
- Facemos avións de papel e montamos unha competición.
- Facemos un collage.

## Lectoescritura:

Debe ter en conta o nivel madurativo individual, polo que non se debe esixir por riba das súas posibilidades. Cada neno/a madura o seu ritmo.

Algunhas propostas son:

- Lectura de contos. Logo da lectura pódense realizar actividades para ver se comprenderon o conto: preguntas, debuxo que o illustre, figuras das personaxes con plastilina, dramatización do conto, xogo con marionetas, etc.
- 

Como xa coñecen moitas letras poden xogar a atopalas no conto ou pola casa.

- Escribir o seu nome. Escribirlles os nomes dos compañeiros e que os identifiquen .O mesmo cos nomes dos membros da familia.
- Nomes longos,curtos.
- Con letras recortadas ou escritas polos adultos,facer o seu nome ou dos compañeiros, familiares ,etc.

### **Lóxico-matemática:**

Como dicíamos con anterioridade, as actividades deben ser adaptadas a cada nivel individual.

As actividades de lóxico matemática refírense á asociación cantidade grafía,formas xeométricas básicas, series de cores, serie numérica, seriación de tamaños, series de formas, etc.

Os xogos de mesa son unha gran ferramenta na lóxica matemática.

### **Xogo simbólico**

- Disfrazámonos
- Teatro: marionetas, sombras, grabarnos dramatizando contos, xogamos con xestos.
- Xogamos ós súper heroes.
- Facemos marionetas con calcetíns.
- Facemos xogos de roles e os outros teñen que adiviñar a personaxe.
- Facemos unha cabana improvisada ou un forte.

### **Expresión oral**

- Karaoke!
- Xogamos ás adiviñas e trabalinguas.
- Inventamos historias.

## **Autonomía persoal:**

Resulta fundamental favorecer a súa autonomía a diario. No cole xa son moi autónomos e na casa deben continuar.

- Practicamos a diario a vestirnos e espirnos, botóns, cremalleiras, etc.
- Recollemos e colocamos ben todo o que empregamos : xoguetes, roupa, materiais de manualidades, o que empregamos á hora de comer...
- Limpamos o que ensuciamos.
- Limpámonos soíños. É fundamental ser autónomos e ter uns hábitos hixiénicos adecuados. Queda claro que a eles lles leva máis tempo que se o facemos nós, pero canta máis práctica, máis rapidez e eficiencia!
- Poden ser uns pinches de cociña estupendos!.

Moito ánimo e paciencia iiiii

